



Concello de Xinzo de Limia

DECRETO APROBACIÓN CONVOCATORIA E BASES DO CONCURSO DE MÉRITOS PARA A ASIGNACIÓN A UN DOS AXENTE DA POLICÍA LOCAL DO CONCELLO DE XINZO DE LIMIA DE FUNCIÓNS DE COLABORACIÓN RELATIVAS Ó SISTEMA VIOGEN

Vista a proposta da Concellería de mobilidade do seguinte teor literal:

“Ante a inminente xubilación dun dos dous policías inicialmente adscritos para a colaboración relativa ao Sistema Viogen, e tendo coñecemento de que hai varios axentes do Concello de Xinzo de Limia interesados en asumir estas funcións de colaboración, é polo que se propón o concurso como procedemento de selección tendo en conta que é urxente a asignación dun novo axente da policía local pois o que viña desempeñando estas funcións xubilase o 20/12/2025.

Asemade, tendo en conta as funcións a desempeñar e conforme ó criterio da Consellería de Igualdade da Xunta de Galicia que establece a esixencia de contar cunha ampla formación específica en materia de igualdade e violencia de xénero para desempeñar as funcións de Psicólogo/a e Asesor/a xurídico/a do CIM, considérase que a formación específica nesta materia de igualdade e violencia de xénero debe ser tida especialmente en conta na baremación dos méritos.”

Visto o borrador de bases da convocatoria do seguinte teor literal:

“BASES DO CONCURSO DE MÉRITOS PARA A ASIGNACIÓN A UN AXENTE DA POLICÍA LOCAL DO CONCELLO DE XINZO DE LIMIA DE FUNCIÓNS DE COLABORACIÓN RELATIVAS AO SISTEMA VIOGEN

PRIMEIRA.- MOTIVACIÓN.

En data 13 de setembro de 2019 tivo lugar unha reunión da Xunta Local de Seguridade na que se asinaron o “PROTOCOLO-ACORDO DE COORDINACIÓN FORZAS E CORPOS DE SEGURIDADE DO ESTADO-POLICÍA LOCAL DE XINZO DE LIMIA NA PROTECCIÓN DE VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO”, así como o anexo correspondente a “ACORDOS TÉCNICOS DE COLABORACIÓN E COORDINACIÓN DA GARDA CIVIL E POLICÍA LOCAL DE XINZO DE LIMIA.”

No citado protocolo (apartado III) acórdase que o Concello de Xinzo de Limia designe para a función de protección e seguimento das vítimas de violencia de xénero e para a valoración da evolución de risco a dous funcionarios da policía local, establecéndose nos “ACORDOS TÉCNICOS DE COLABORACIÓN E COORDINACIÓN DA GARDA CIVIL E DA POLICÍA LOCAL DE XINZO DE LIMIA” o detalle das funcións de colaboración e coordinación entre ambos corpos policiais.

En data 03/06/2020 asinouse o “Convenio entre o Ministerio do Interior e o Excmo. Concello de Xinzo de Limia (Ourense), para a incorporación dos Corpos de Policía Locais ao “Sistema de seguimento integral dos casos de violencia de xénero” e posteriormente foron asinados outros Convenios sendo o vixente o asinado en data 27/02/2025.

Ante a inminente xubilación dun dos dous policías inicialmente adscritos para a colaboración relativa ao Sistema Viogen, e tendo coñecemento de que hai varios axentes do Concello de Xinzo de Limia interesados

Amador Díaz Penín (1 para 2)
Fidante: Sinatura: 13/11/2025
HASH: b561f5687593ed080f120c13377d



MARIA DOLORES FERNANDEZ SALGADO (2 para 2)
Fidante en función: Sinatura: 13/11/2025
HASH: c3b9a3e80319b198d084fc4959f579c



Cod. Validación: 9F23169MEH9NEXTSQL3QSDRG7
Corrección: https://xinzo.delmia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 6





Concello de Xinzo de Limia

en asumir estas funcións de colaboración, establécense as presentes bases para a realización dun concurso para a adscrición de funcións de colaboración relativas ao Convenio VIOGEN a un policía local, sen prexuízo de que o funcionario seleccionado continuará desempeñando as funcións habituais de policía local como se fixo ata o momento.

SEGUNDA.- XUSTIFICACIÓN DO PROCEDEMENTO.

O Real Decreto 5/2015, de 30 de outubro, polo que se regula o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público dispón que as Administracións Públicas poderán asignar ao seu persoal funcións, tarefas ou responsabilidades distintas ás correspondentes ao posto de traballo que desempeñen sempre que resulten adecuadas á súa clasificación, grado ou categoría, cando as necesidades do servizo o xustifiquen sen diminuír nas retribucións.

Dado que hai varios axentes de policía local interesados en desempeñar as funcións de colaboración relativas ao sistema VIOGEN o máis acorde ao principio de igualdade é establecer algún tipo de procedemento de selección, sendo o concurso o máis áxil, polo que tendo en conta que é urxente a asignación dun novo axente ante a inminente xubilación do que viña desempeñando estas funcións, considérase que o sistema de concurso é o máis axeitado. Ademais, tendo en conta as funcións a desempeñar e conforme ó criterio da Consellería de Igualdade da Xunta de Galicia que establece a esixencia de contar cunha ampla formación específica en materia de igualdade e violencia de xénero para desempeñar as funcións de Psicólogo/a e Asesor/a xurídico/a do CIM, considérase que a formación específica nesta materia de igualdade e violencia de xénero debe ser tida especialmente en conta.

TERCEIRA.- NORMAS XERAIS E FUNCIÓNS.

Convócase un concurso de méritos para a asignación de funcións de colaboración relacionadas co Sistema VIOGEN a un dos axentes da policía local do Concello de Xinzo de Limia. As funcións de colaboración son as recollidas no “PROTOCOLO-ACORDO DE COORDINACIÓN DAS FORZAS E CORPOS DE SEGURIDADE DO ESTADO-POLICÍA LOCAL DE XINZO DE LIMIA NA PROTECCIÓN DAS VÍTIMAS DA VIOLENCIA DE XÉNERO” así como no anexo correspondente a “ACORDOS TÉCNICOS DE COLABORACIÓN E COORDINACIÓN DA GARDA CIVIL E A POLICÍA LOCAL DE XINZO DE LIMIA” e no vixente “Convenio entre o Ministerio do Interior e o Concello de Xinzo de Limia (Ourense), para a incorporación dos Corpos de Policía Local ao “Sistema de seguimento integral dos casos de violencia de xénero”, asinado entre o Secretario de Estado de Seguridade do Ministerio e o Alcalde-Presidente do Concello de Xinzo de Limia (Ourense), en data 27/02/2025.

CUARTA.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES.

Para participar no proceso, débense cumprir as seguintes condicións:

Ser funcionario de carreira do Corpo de Policía Local de Xinzo de Limia, condición de Axente de Policía Local, cunha antigüidade de 2 anos no Corpo da Policía Local. Non poderán participar os suspensos en firme mentres dura a suspensión.

Ditos requisitos deberán cumprirse o día en que finalice o prazo para a presentación de instancias, manterse durante todo o proceso selectivo, ata a súa finalización.

QUINTA.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

5.1. Solicitudes: As instancias, solicitando tomar parte no proceso selectivo, axustaranse ao modelo que aparece no Anexo I e poranse a disposición dos interesados na sede electrónica do Concello de Xinzo de Limia que se atopa na páxina Web do Concello (www.xinzodelimia.es).

5.2. Os aspirantes deberán manifestar que reúnen todos e cada un dos requisitos esixidos, nos términos en que se recollen na base cuarta.





Concello de Xinzo de Limia

5.3. Lugar de presentación de instancias: As instancias, dirixidas ao Sr. Alcalde-Presidente, presentaranse no Rexistro Xeral deste Excmo. Concello, en horas de oficina, e conforme ao disposto polo artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

5.4. Á solicitude acompañaranse os seguintes documentos:

* Fotocopia do D.N.I.

* Os méritos de conformidade ao previsto no apartado oitavo desta convocatoria.

5.5. Prazo de presentación de solicitudes: Será de **dez días naturais** a contar dende o día seguinte á publicación no Boletín Oficial da Provincia de Ourense do anuncio do acordo de convocatoria e aprobación das presentes bases. Dito anuncio xunto co acordo será publicado igualmente na sede electrónica que se encontra na páxina web do Concello (www.xinzodelimia.es) e no taboleiro de anuncios do Concello de Xinzo de Limia (Ourense).

5.6. Os aspirantes quedan vinculados aos datos que fixeran constar na solicitude, podendo modificalos mediante escrito motivado, dentro do período que concorra esta convocatoria; transcorrido o mesmo, non se admitirá ningunha petición neste senso.

SEXTA.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

6.1. Admitiranse tódalas solicitudes rexistradas e que cumpran cos requisitos solicitados. Unha vez recibidas, a Alcaldía ditará resolución declarando aprobada a lista provisional de admitidos e excluídos. Dita resolución, que se publicará na sede electrónica do Concello e no taboleiro de anuncios do Concello, conterá a relación alfabética dos aspirantes admitidos e excluídos provisionalmente, así como as causas de exclusión destes.

6.2. Os participantes excluídos provisionalmente así como os omitidos na relación, disporán dun prazo de **tres días naturais**, contados a partir do seguinte ao da publicación da lista provisional de admitidos e excluídos, para subsanar os defectos que motivaran a súa exclusión ou a súa omisión. Quenes dentro do prazo indicado, non subsanaren a exclusión ou aleguen a omisión, serán definitivamente excluídos do proceso selectivo. Todo elo de acordo co artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

6.3. Finalizado o prazo de reclamacións, ditarase Resolución aprobatoria das listas definitivas de admitidos e excluídos.

SÉTIMA.- COMISIÓN DE VALORACIÓN.

7.1. Para a valoración dos méritos alegados polos participantes e efectuar a adscrición de funcións de colaboración relativas ao sistema VIOGEN o Axente de Policía Local que resulte seleccionado, constituirase unha Comisión de Valoración que se comporá dos seguintes membros, designados pola Alcaldía.

* **PRESIDENCIA:** O Xefe da Policía Local do Concello de Xinzo de Limia, Don José Manuel Estévez Franco.

* **VOCAIS:** A Administrativa do Concello de Xinzo de Limia, Dona Ana Mª Fernández Novás.

* **SECRETARÍA:** A Secretaria Municipal do Concello de Xinzo de Limia, Dona Marta Mª Gómez Ruíz.

ASESOR ESPECIALISTA con voz e sen voto: O Director do CIM de Xinzo de Limia, D. José Luís Saburido Novoa.

OITAVA.- VALORACIÓN DE MÉRITOS.

O procedemento de selección dos aspirantes farase polo método seguinte: **8.1 EXPERIENCIA PROFESIONAL e 8.2 FORMACIÓN.** A puntuación máxima a outorgar no proceso é de 10 puntos. Os candidatos deben aportar, xunto coa súa solicitude de participación na convocatoria, tódolos documentos que xustifiquen os méritos alegados.





Concello de Xinzo de Limia

8.1. EXPERIENCIA PROFESIONAL (Puntuación máxima neste apartado: 3 puntos).

a) **Por experiencia profesional específica en seccións que leven materias relacionadas coas funcións a adscribir**, dentro dos Corpos de Policía Local: 0,30 puntos por ano ou fracción superior a seis meses, ata un máximo de 3 puntos.

b) **Por cada ano de servizo** ou fracción superior a seis meses, prestados nos Corpos de Policía Local de Galicia, **na categoría de Axente**: 0,20 puntos, ata un máximo de 3 puntos.

Os méritos acreditaranse mediante certificado expedido polo Secretario do Concello onde se prestaron os servizos.

8.2. FORMACIÓN (Puntuación máxima neste apartado: 7 puntos).

Por ter participado como alumno en cursos impartidos en centros oficiais, emitidos por calquera Administración Pública, Universidades, Sindicatos, e as materias estén relacionadas con:

a) **Formación específica en igualdade e violencia de xénero. Puntuación máxima do apartado: 6 puntos**

Os cursos valoraranse conforme á seguinte puntuación:

Número de horas	Puntuación
De 10 a 20	0,15
De 21 a 50	0,20
De 51 a 75	0,25
De 76 a 100	0,30
De 101 a 150	0,40
De 151 a 200	0,50
De más de 200	0,70
Máster oficial ou curso de postgrado	1

b) **Formación en materias non relacionadas especificamente coas materias de igualdade e a violencia de xénero, incluíndo materias propias do posto de axente de policía e materias transversais** (considéranse transversais as materias de informática e prevención de riscos laborais). **Puntuación máxima do apartado: 1 punto.**

Os cursos valoraranse conforme á seguinte puntuación:

Número de horas	Puntuación
De 10 a 20	0,15
De 21 a 50	0,20
De 51 a 75	0,25
De 76 a 100	0,30





Concello de Xinzo de Limia

De 101 a 150	0,40
De 151 a 200	0,50
De más de 200	0,70
Máster oficial ou curso de postgrado	1

Consideracións xenéricas:

. - Cando o cómputo horario expresado nos documentos que o xustifiquen veña expresado en créditos, entenderase que cada crédito equivale a 10 horas, agás si son ECTS que computarán como 25 horas.

. - Os cursos con distintos módulos ou especialidades, así reflectidos no documento aportado, valoraranse exclusivamente na parte da carga lectiva relacionada co posto de traballo

. - No caso de que se trate de cursos impartidos, valoraranse de igual xeito que os cursos recibidos.

Acreditación da formación.

Os cursos recibidos e impartidos acreditaranse co correspondente certificado e/ou diploma nos que consten as sinaturas do secretario, xerente ou coordinador do mesmo co visto e prace do responsable da Entidade que imparte o curso, así como o selo. Deberase de facer constar o contido do curso e a duración con especificación clara das horas impartidas ou créditos.

NOVENA.- PRAZOS DE RECLAMACIÓN.

Tras a exposición provisional da puntuación alcanzada, os participantes terán **3 días naturais** para formular alegacións á puntuación alcanzada.

DÉCIMA.- ORDEN DE CLASIFICACIÓN.

A orde de clasificación definitiva determinarase pola suma das puntuacións obtidas por cada participante no baremo dos méritos presentados por estes.

No caso de empate nas puntuacións finais, resolveríanse a favor da persoa con máis puntuación no apartado 8.2.a) Formación específica en igualdade e violencia de xénero. Se persiste o empate, finalmente resolveríase por sorteo público.

DÉCIMO PRIMEIRA.- DA ADSCRICIÓN DE FUNCIONS.

Rematado o procedemento, pola Alcaldía procederase a asignar as funcións de colaboración relativas ao Sistema VIOGEN ao axente da policía local de Xinzo de Limia con maior puntuación alcanzada, polas que percibirá, mentres desempeñe ditas funcións, 300 € a maiores das retribucións que ven percibindo no seu posto dado que o funcionario seleccionado continuará desempeñando as funcións habituais de policía local como se fixo ata o momento.

Será requisito indispensable realizar o Curso de Formación do Programa Viogen do Ministerio do Interior. Dado que o participante terá a condición de funcionario público, estará exento de xustificar documentalmente as condicións e requisitos xa demostrados para obter o seu anterior nomeamento.

DÉCIMO SEGUNDA.- INCIDENCIAS.

Contra estas bases, a súa convocatoria e cantos actos administrativos se deriven das mesmas e das actuacións da Comisión, poderase interpoñer impugnacións polas persoas interesadas nos casos e na





Concello de Xinzo de Limia

forma establecidos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Contra a convocatoria e as súas bases, que esgotan a vía administrativa, poderase interpoñer Recurso de Reposición, no prazo dun mes ante a Alcaldía, previo ao contencioso-administrativo, que será de dous meses, a contar dende o día seguinte ao da publicación das bases no B.O.P. de Ourense (artigo 46 da lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa).

A Comisión queda facultada para resolver as dúbidas que poidan presentarse e adoptar resolucións, criterios ou medidas necesarias para o correcto desenvolvemento do proceso naqueles aspectos non previstos nestas bases.

DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.

Polo solo feito da súa participación no presente proceso selectivo, préstase o consentimento para que os datos de carácter persoal facilitados por eles sexan incorporados nos ficheiros automatizados do Negociado de Persoal, cuxa finalidade é a de ser utilizados para a xestión de persoal en tódolos seus aspectos. O Excmo. Concello de Xinzo de Limia (Ourense), como responsable do ficheiro mencionado, garante o pleno cumprimento da normativa de protección de datos de carácter persoal, e así, de acordo coa Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, os participantes neste procedemento quedan informados e dan o seu consentimento para o tratamento dos datos de carácter persoal facilitados. Poderán exercer respecto aos seus datos de carácter persoal, os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na Lei Orgánica citada, mediante escrito dirixido ao Concello de Xinzo de Limia (Ourense), Rúa Curros Enríquez nº 15, 32630 Xinzo de Limia (OURENSE).“

RESOLVO:

1) Aprobar as bases reguladoras e proceder á convocatoria do concurso de méritos para a asignación a un dos axentes da policía local do Concello de Xinzo de Limia de funcións de colaboración relativas ó Sistema VIOGEN. Dita convocatoria levarase a cabo a través da publicación do anuncio correspondente no BOP da provincia de Ourense así como no taboleiro de anuncios da Casa do Concello e Sede Electrónica do Concello de Xinzo de Limia que se atopa na páxina Web do Concello (www.xinzodelimia.es), debendo seguir procedemento ordinario a través de concurso con valoración de méritos contidos no presente Decreto. Outorgarase un prazo de dez días naturais para a presentación da documentación a contar dende o día seguinte á publicación deste anuncio no BOP.

2) Ordenar que os resultados deste concurso se publiquen no taboleiro de anuncios da Casa do Concello e na Sede Electrónica do Concello de Xinzo de Limia que se atopa na páxina Web do Concello (www.xinzodelimia.es).

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Cod. Validación: 9F23169MEH9NEXTSQL3QSDRG7
Corrección: <https://xinzodelimia.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 6





Concello de Xinzo de Limia

ANEXO I

SOLICITANTE	APELLIDOS Y NOMBRE		
	D.N.I.	DOMICILIO	
	LOCALIDAD	PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL
	TELÉFONO	MÓVIL	FAX
	E-MAIL		

EXPONE	Que declaro reunir todos y cada uno de los requisitos exigidos en la base cuarta de la convocatoria efectuada por el Excmo. Ayuntamiento de Xinzo de Limia (Ourense), para la adscripción de funciones del Servicio de Violencia de Género (VIOGEN), mediante el procedimiento de concurso de méritos, de carácter interno. Es por ello que SOLICITO: Que previos los trámites oportunos, tenga a bien ordenar su admisión a dicha convocatoria.
--------	--

Documentación	A la presente solicitud acompaño los siguientes documentos: ☐ Copia del DNI o documento acreditativo ☐ Documentación acreditativa de los méritos de conformidad en el apartado octavo de esta convocatoria.
---------------	--



Concello de Xunzo de Limia

FIRMA	La persona firmante SOLICITA lo arriba indicado. Xunzo de Limia, ade2025.
-------	--

En cumprimento de lo establecido en la Ley Orgánica 3/2018, de 5 de diciembre, de Protección de datos personales y Garantía de los derechos digitales, el Excmo. Ayuntamiento de Xunzo de Limia (Ourense) le informa que los datos personales obtenidos mediante la cumplimentación de este formulario y demás que se adjuntan van a ser incorporados, para su tratamento, en un fichero parcialmente automatizado. Asimismo, se le informa que la recogida y tratamiento de dichos datos tienen como finalidad la gestión del proceso selectivo especificado en la presente convocatoria.

De acuerdo con lo previsto en la citada Ley Orgánica, puede ejercitar los derechos de acceso, rectificación, cancelación y oposición dirigiendo un escrito al Excmo. Ayuntamiento de Xunzo de Limia (Ourense).

Sr. Alcalde Presidente del Ayuntamiento de Xunzo de Limia



Concello de Xinzo de Limia

ANEXO I

SOLICITANTE	APELIDOS Y NOME		
	D.N.I.	DOMICILIO	
	LOCALIDADE	PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL
	TELÉFONO	MÓBIL	FAX
	E-MAIL		

EXPÓN	Que declaro reunir todos e cada un dos requisitos esixidos na base cuarta da convocatoria efectuada polo Excmo. Concello de Xinzo de Limia (Ourense), para a adscrición de funcións do Servizo de Violencia de Xénero (VIOGEN), mediante o procedemento de concurso de méritos, de carácter interno. É por elo que SOLICITO: Que previos os trámites oportunos, teña a ben ordenar a súa admisión a dita convocatoria.
-------	--

Documentación	Á presente solicitude acompañoo os seguintes documentos: ☐ Copia do DNI ou documento acreditativo ☐ Documentación acreditativa dos méritos de conformidade no apartado oitavo desta convocatoria.
---------------	--

SINATURA	A persoa asinante SOLICITA o arriba indicado. Xinzo de Limia, ade2025.
----------	--



Concello de Xinzo de Limia

En cumprimento do establecido na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de datos persoais e Garantía dos dereitos dixitais, o Excmo. Concello de Xinzo de Limia (Ourense) infórmalle que os datos persoais obtidos mediante a cumprimentación deste formulario e demais que se xuntan van a ser incorporados, para o seu tratamento, nun ficheiro parcialmente automatizado. Así mesmo, infórmase que a recollida e tratamento de ditos teñen como finalidade a xestión do proceso selectivo especificado na presente convocatoria.

De acordo co previsto na citada Lei Orgánica, pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición dirixindo un escrito ao Excmo. Concello de Xinzo de Limia (Ourense).

Sr. Alcalde Presidente do Concello de Xinzo de Limia